




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Cabanas e Pontedeume. Parroquia: San Vicente de Caamouco a parte Oeste; Eulalia de Limodre a central; e a oriental; San Santiago de Franza no NO; San Martiño do Porto e Santo André de Cabanas ocupan a parte NO da unidade; Santa María de Ombre na parte oriental ao sur do río Eume; Santo Estevo de Irís na NE, ao N. do Eume; San Cosme de Nogueirosa ocupando a parte central ao sur do río; Santiago de Pontedeume, San Miguel de Breamo, San Pedro de Vilar e San Martiño de Andrade acollen, de norte a sur, a banda máis occidental do municipio ao sur do río Eume. Extensión: 17,54km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



### AS FORMAS DO RELEVO

Dous elementos importantes marcan o relevo da unidade: a existencia dunha ría e a desembocadura en canón fluvial do río principal. Así, é unha unidade perfectamente encaixada e de relevo contrastado. Pártese dunha chaira intermareal extensa e moi colmatada, que dá paso só cara ao este, a unha chaira costeira estreita. Rapidamente aparecen vertentes pronunciadas que van medrando en pendente de maneira gradual. Pola parte sur, a pequena cunca do río Covés degrada esta superficie inclinada. Na parte oeste da unidade, as vertentes caen con pendente notable xusto enriba da boca da ría, desde as alturas de Breamo ao sur e Pena do Raposo ao norte. Cara ao este, unha serie de elevacións pechan rotundamente a unidade, entre os 350m e 400m de altitude. Nelas encaixouse profundamente o río Eume por un proceso de antecedenencia xusto antes da súa desembocadura.

### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A metade occidental da unidade pertence ao Dominio da "Serie de Ordes", con materiais metamórficos, xistos e cuarzoquistos, de idade precámbrico-silúrica. Nela aparecen bandas de anfibolita antehercínica no extremo O da unidade. Na parte centro-oriental e oriental afloran rochas hercínicas e antehercínicas. Neste dominio, de oeste a este, acontécense en bandas: Metagabro antehercínico; ortogneis leucocrático granatífero; ortogneis mesoglandular; e granito hercínico de dúas micas con facies moi deformadas e heteroxéneas. Ao sur da banda do ortogneis leucocrático aparece tonalitas. Enclaves de metaperidotitas e / ou metadunitas na parte central da unidade, no ortogneis mesoglandular; e nos granitos deformados, no SO. da unidade. Enclave granítico en facies pegmo-aplítica na zona do Castelo de Andrade. Lentellón de dolerita y /o diabasa na Caneta, al norte da unidade. O cuaternario ten grande importancia no intermareal, como se pode observar nas chairas lamacentas e areosas intermareais do esteiro e o cordón areoso de Cabanas.

### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade incluída principalmente no dominio Cálido e Subhúmido con valores anuais medios de temperatura por riba dos 14°C e entre 1000mm e 1200mm de precipitación. A amplitude térmica anual non supera os 13,5°C. As áreas montañosas do Pico do Castro ao norte e das Aveiras ao este experimentan unha maior pluviosidade así como temperaturas algo máis frescas, encadrándose no dominio Temperado-Húmido (12-14°C temperatura media e 1200-1400mm de precipitación media anual).

### OS SOLOS

Ampla variedade edáfica. Na zona intermareal e de marismas desenvólvense fluvisóis típicos. No suroeste da unidade, agás na vertente máis inclinada do Monte Breamo, onde aparecen umbrisois dísticos, desenvólvense cambisois eútricos. A corredora central da unidade ten unha banda en sentido meridiano con fluvisóis hápticos que por veces presentan hidromorfía e, por iso, trazos gleicos. Nesta banda central, a depresión que forma a parte baixa do río Covés presenta Gleisois. Segue a catena de empobrecemento edáfico cara ás partes altas do este e sur da unidade: un umbrisol eútrico, nas ladeiras baixas menos empinadas; un umbrisol dístico, nas vertentes medias, xa con máis inclinación; un regosol nas vertentes altas; e un leptosol lítico nas cimas. A vila de Pontedeume presenta antrosois no seu núcleo urbano.


### AS AUGAS

A rede fluvial artículase en torno ao curso baixo do Río Eume que forma un amplo esteiro na súa desembocadura, onde desauga na masa de Augas de Transición 20470. O val é disimétrico presentando unha vertente máis ampla cara ao sur, na marxe esquerda do Eume, pola que discorren os afluentes máis significativos, os arriolos da Graña e de Covés.

### O PATRIMONIO NATURAL

Fondo de esteiro, os hábitats definidores son as marismas (grupo 13) e as chairas intermareais e submareais areosas e lamacentas (1110 e 1140), ademais do 1130, "Esteiros". Ao interior destacan as áreas ripícolas de río Covés (91E0) (>6ha). Existen masas de frondosas autóctonas, moi compartimentadas e en réxime mixto, de certa extensión na ladeira norte do tramo final do val do río Eume, procedentes da degradación do gran bosque das fragas do Eume. Cómpre subliñar a presenza de grandes masas mixtas nas que especies forestais introducidas se mesturan coas frondosas autóctonas, procedentes de carballeiras e soutos, 9230-9260. O mellor exemplo, o dunhas 16ha na ladeira da capital. Tamén van medrando masas de frondosas de recolonización, como a existente preto da estación de Cabanas.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



### USOS DO SOLO

Nas ladeiras dos montes que son o fondo escénico da unidade, desenvólvense masas de frondosas autóctonas, compartimentadas, que combinan especies forestais introducidas coas frondosas autóctonas. Na chaira costeira que se estende entre a chaira intermareal e estas ladeiras o uso principal que se mantén é o tradicional de cultivo, con presenza de masas boscosas illadas que salpican o mosaico de parcelas agrícolas. Na zona oeste, limitada pola ladeira nordés do Monte Breamo, enclávase o núcleo urbano de Pontedeume até a liña costeira, detrás do que se estenden antigas áreas de cultivo que hoxe acollen bosques de repoboación. Na parte setentrional da unidade, nas antigas parcelas de cultivo que se desenvolven até a cota 125, dáse agora unha intensa actividade residencial, especialmente vinculada á praia de Cabana. A lámina de auga do estuario e a chaira intermareal acollen os usos máis vinculados co mar, a pesca de baixura e o marisqueo a pé.

### MORFOLOXÍA

O núcleo principal é Pontedeume, capital municipal e Núcleo de Identidade litoral (NIL), fundado xunto a unha ponte de madeira construída polos romanos, da que toma o nome. O seu núcleo histórico conserva a traza dun forte desenvolvemento medieval, cunha estrutura urbana en espina de peixe delimitado por unha muralla. Na actualidade estase a producir un crecemento paralelo á liña de costa con novas tipoloxías edificatorias (bloque lineal illado, grandes equipamentos e industrias). Na chaira costeira oriental, os núcleos tradicionais, experimentaron un crecemento periférico, ocupando as terras antes reservadas ao cultivo con novas tipoloxías residenciais de vivenda unifamiliar illada desvinculadas da función rural. Na vertente setentrional, na que só se atopaba o núcleo tradicional de Cabanas e se considerou como NIL, produciuse un crecemento residencial vinculado ás actividades turísticas da praia e condicionado pola N-651 e a liña férrea.

### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada N-651 (Betanzos-Ferrol) entra na unidade polo extremo suroeste, descendendo a ladeira norte do Monte Breamo para atravesar Pontedeume, cruzar o estuario do Eume e continuar cara ao norte. A estrada C-4803, chega polo extremo nordés ao núcleo e continúa cara ao leste pola AC-144, e xunto coa C-6902, atravesa transversalmente a paisaxe, percorrendo a chaira oriental. O resto da rede viaria está constituída polos camiños nos que se apoiaba a explotación agrícola e forestal. A autoestrada AP-9, inaugurada en 1999, atravesa a paisaxe de norte a sur, próxima ao extremo leste do núcleo de Pontedeume, mediante un gran viaduto sobre o esteiro e parte da chaira oriental. A liña de ferrocarril, paralela á C-4803 polo extremo noroeste, cruza o Eume no punto máis occidental do mesmo, alí onde a distancia entre os bordos da ría é menor. As instalacións portuarias de Pontedeume, albergan embarcacións de pesca de baixura e de recreo.

A estrada N-651 (Betanzos-Ferrol) entra na unidade polo extremo suroeste, descendendo a ladeira norte do Monte Breamo para atravesar Pontedeume, cruzar o estuario do Eume e continuar cara ao norte. A estrada C-4803, chega polo extremo nordés ao núcleo e continúa cara ao leste pola AC-144, e xunto coa C-6902, atravesa transversalmente a paisaxe, percorrendo a chaira oriental. O resto da rede viaria está constituída polos camiños nos que se apoiaba a explotación agrícola e forestal. A autoestrada AP-9, inaugurada en 1999, atravesa a paisaxe de norte a sur, próxima ao extremo leste do núcleo de Pontedeume, mediante un gran viaduto sobre o esteiro e parte da chaira oriental. A liña de ferrocarril, paralela á C-4803 polo extremo noroeste, cruza o Eume no punto máis occidental do mesmo, alí onde a distancia entre os bordos da ría é menor. As instalacións portuarias de Pontedeume, albergan embarcacións de pesca de baixura e de recreo.

### PATRIMONIO HISTÓRICO

En canto ao patrimonio arqueolóxico, destacan polo seu número e calidade os depósitos que se distribúen nas cimas dos montes que delimitan a unidade ao leste (as Mámoas do Campo de Carreira ou Mámoa dos Lombiños). O núcleo de Pontedeume está considerado Conxunto histórico e conserva importantes exemplos de valiosa arquitectura histórica tanto militar (entre os que destaca o Pazo e Torre dos Andrade (BIC) ou os restos da muralla), relixiosa (como a igrexa parroquial de Santiago, ou o Convento de Santo Agostiño) e civil (a lonxa, o Mercado Municipal da Praza dos Condes, ou a Ponte de Pedra). En Cabanas consérvanse varias edificacións catalogadas, como o Pazo de Riobó. No resto do ámbito, o fito máis importante é o BIC Castelo dos Andrade (ou Castelo de Nogueirosa), e varias edificacións catalogadas no núcleo de Esteiro (Pazo dos Azpiricueta ou Capela de Nosa Señora do Carme). Nos demais asentamentos, recóllense en catálogo as igrexas parroquiais, casas reitorais e cruceiros.



## O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A influencia do conxunto intermareal do esteiro do Eume e a presenza do núcleo urbano e NIL de Pontedeume caracterizan esta unidade. Os fortes límites que pechan a vertente oriental, coa súa densa masa boscosa, se ven potenciados polo contraste que se produce coa chaira oriental, co seu mosaico de parcelas de cultivo e os bosquetes e vexetación illada que desenvolven. A estrutura viaria tradicional mantén os seus trazados e morfoloxía, aínda que tamén se estableceron novas infraestruturas, como a autoestrada. A densidade edificatoria da fronte litoral do núcleo de Pontedeume tende a estender a súa presión urbana cara á ladeira do monte que lle serve como fondo escénico. Desenvólvense usos diversos, nunha estrutura urbana complexa e concentrada con alto valor patrimonial e histórico. No bordo norte, os fenómenos de urbanización son máis dispersos e extensivos, afastándose dos asentamentos tradicionais e colonizando as áreas máis próximas á costa.

## DINÁMICA DA PAISAXE

A maior parte do territorio desenvolveu sempre actividades produtivas, relacionadas coa agricultura, a explotación forestal, a pesca e o marisqueo. Como tal, construíuse unha paisaxe de pequenas parcelas de cultivo ocupando a chaira costeira oriental apoiado na rede de camiños tradicionais e o sistema de asentamentos. Progresivamente reduciuse a actividade agraria, mantendo na súa maioría a estrutura parcelaria que agora pasa a dedicarse a usos de pasto ou repoboación forestal. O solo úsase tamén como soporte para novos crecementsos residenciais, estendendo o tecido dos asentamentos tradicionais con novas tipoloxías de vivenda unifamiliar illada desvinculadas da produción agropecuaria. A ladeira norte do Monte Breamo, fondo escénico do núcleo de Pontedeume e Espazo de Interese Paisaxístico, estivo sempre intensamente traballada, cun valioso sistema de terrazas e socalcos que na actualidade foi repoboado con especies forestais. As actividades que tradicionalmente estiveron relacionadas coa poboación de Pontedeume, especialmente a pesca e o marisqueo, están a ser substituídas por actividades propias de núcleos urbanos e do sector terciario, como as turísticas e os servizos. O proceso de crecemento do núcleo estendeu o tecido ao longo da franxa paralela á costa, aínda que recentemente aparece unha nova tendencia a colonizar tamén a ladeira do monte Breamo. A construción da autoestrada AP-9 e a súa saída nesta unidade, actúa como dinamizador socioeconómico das poboacións presentes e da contorna. Os procesos que se dan na fronte litoral da parte norte da unidade, no Concello de Cabanas, impoñen unha modificación máis notable do territorio, transformando as antigas parcelas dedicadas a cultivo en terreo que hoxe en día acolle usos residenciais extensivos, moi condicionadas polas infraestruturas de comunicación e relacionadas coa explotación da costa como recurso turístico.


## RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

A paisaxe do esteiro do Eume supón un sistema ecolóxico de especial valor natural, como continuación funcional do Parque Natural das Fragas do Eume, espazo protexido dentro da Rede Natura 2000 e clasificado como Espazo de Interese Xeomorfolóxico. O seu elemento máis característico e de maior interese paisaxístico e ambiental é a chaira intermareal lamacenta que se xera na desembocadura do río. O conxunto que configura esta xunto coa praia de Cabanas, a chaira costeira oriental e os límites escénicos que supoñen os montes que delimitan a unidade, constitúense nunha paisaxe de lectura coherente, permitindo entender como a organización tradicional se apoiaba nuns valores produtivos, para pasar na actualidade a un modelo con pautas de desenvolvemento diferentes. Desde esta chaira, as conexións visuais con Pontedeume e o resto da unidade posibilitan unha observación e comprensión do conxunto da paisaxe. Destaca do conxunto a presenza do Núcleo de Identidade Litoral de Pontedeume, poboación importante tanto desde o punto de vista administrativo, económico e cultural, como polo valor do seu patrimonio histórico artístico. Ademais deste conxunto histórico artístico, destacan o Castelo dos Andrade e os numerosos restos arqueolóxicos distribuídos nos montes que limitan a unidade. Deste fondo escénico destaca o Monte Breamo, considerado Espazo de Interese Paisaxístico pola súa configuración como fito xeográfico visualmente identificable, as formacións arbóreas das súas ladeiras, os valores arqueolóxicos que conserva, pois, axudan a entender o proceso tradicional de organización do territorio e as connotacións presentes no imaxinario colectivo popular como lugar de romaría de San Miguel.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNS








A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:22.369

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



